



HAI QUE BOTALOS!!!!



Vinte e cinco curtametraxes contra Fraga que queren mostrar a Galiza real, cunha ollada crítica e claras intencións políticas. Ese é o miolo do proxecto Hai que botalos, promovido polo colectivo Burla Negra (como non!!) xunto coa productora A Fraga Maldita (nunca mellor dito!!), participando tamén na produción Manuel Rivas, Mabel Rivera ou Margarita Ledo... e máis de 100 profesionais!!

Hai que botalos é unha iniciativa política e cultural que o colectivo Burla Negra pensou para intervir no ano electoral "amosando unha visión crítica da situación real na que se atopa Galiza. Cada un dos vinte e cinco proxectos ten o seu equipo propio e total liberdade no guión e no xénero escollido, polo que no filme haberá documentais e

traballos de ficción.

Hai que botalos segue aberto e os promotores solicitan apoio voluntario de todos os que queiran participar, de tódolos xeitos xa hai varias curtametraxes en fase final e outras moitas a piques de remataren o guión ou a gravación.

A idea é que se poida comezar a exhibición no final da primavera.

Máis de cen profesionais colaboran coa iniciativa, algúns con notoriedade nas súas respectivas áreas. Mabel Rivera, que vén de gañar un goya por Mar adentro, Luís Tosar, Carlos Blanco, Vítor Mosqueira ou Miguel de Lira xa comprometeron a súa presenza. Realizadores como Henrique Banet, Margarita Ledo, Xosé Zapata e Ricardo Llovo dirixirán algunhas das curtas. Tamén escritores como Manuel Rivas, Suso de Toro, Xavier Queipo, Camilo Franco, Séchu Sende ou Rosa Aneiros colaboran na parte técnica e creativa.

Entre os temas escollidos, inclúese unha biografía de Manuel Fraga, a carretaxe de votos no rural,

a censura na TVG, a crise do galego, a deficiencia nas infraestruturas, a precariedade laboral, a emigración dos mozos ou as consecuencias do Prestige. Entre os xéneros atópanse debuxos animados, documentais, monólogos e relatos de ficción. Entre as propostas, destaca unha adaptación de Julio Cortázar La casa tomada, un manga no que un grupo musical loita contra os inimigos da natureza ou un arremedo da serie South Park, para a ocasión rebautizada como North West Park.

Unha vez rematada, a película Hai que botalos distribuirase en todo o país en salas comerciais, e onde calquera que desexe colaborar na súa proxección a proxecte!! Tamén está previsto editar a fita en DVD.

Este proxecto nace en continuidade con Hay motivo, filme de acción política que varios cineastas españois realizaron denantes das eleccións do 14 de marzo de 2004.

ZeLTiA 1ºbac B

*fonte; A Nosa Terra

